


A CULTURA: O HUMANISMO

- Impónse o HUMANISMO fronte ao teocentrismo medieval. Desaparece pouco a pouco ese medo irracional ao castigo divino, esa obsesión pola presenza de Deus en todas as actividades humanas. O home (entendido coma ser humano, non coma persoa de sexo masculino) renacentista considera que o ser humano e a súa intelixencia teñen un valor superior. A fe desprázase de Deus ao home.



Outros trazos do humanismo son:

- O estudio das linguas grecolatinas e un gran interese pola recuperación da cultura da Antigüidade clásica.
- O aprecio polas virtudes de tradición clásica: a fama, o esforzo e o coñecemento.
- A consideración da razón humana coma un valor supremo.
- O optimismo impónse fronte ao pesimismo medieval.
- Florece a idea de que merece a pena loitar pola fama e a gloria neste mundo. Isto incita a realizar grandes fazañas.
- Impónse un ideal de cortesán e édítase un libro no cal inspirarse para conseguilo ... *O cortesán* de Baltasar de Castiglione.



“O cabaleiro perfecto. Debe ser tan experto nas armas como nas letras, saber conversar e tratar cos seus semellantes, especialmente coas damas, e tañer algún instrumento musical.”

A formación dun cortesán comprendía dúas etapas:

- o **Trivium** agrupaba as disciplinas relacionadas coa elocuencia: a gramática, a lóxica e a retórica.
- O **Quadrivium** agrupaba as disciplinas relacionadas coas matemáticas: aritmética, xeometría, música e astronomía.

E AS MULLERES?

Na Europa do Renacemento, moitas das **cortes** convértense en auténticos centros de cultura musical, nos que as mulleres son organizadoras e protagonistas dos eventos musicais. Así é como mulleres da nobreza e raíñas, as intelectuais dos séculos XV e XVI, son instruídas na arte de cantar e tocar instrumentos, compoñen pezas musicais e comezan a publicar as súas propias obras.

Ao mesmo tempo, os **conventos** e **mosteiros femininos** continúan sendo centros nos que se mantén a instrución musical. Entre os seus muros xéstanse tamén novas composicións, aínda que moi poucas delas chegasen ata os nosos días.


AVANCES CIENTÍFICOS E TECNOLÓXICOS

Esta preocupación polo saber e polo cultivo da razón humana dará lugar a importantes avances científicos (os estudos de Kepler ou Copérnico) e tecnolóxicos (a imprenta) así como a grandes descubrimentos xeográficos (as viaxes de Cristobal Colón, Magallanes, Vasco de Gama ou Juan Sebastián Elcano).

O desenvolvemento da **imprenta** supuxo un importantísimo paso na difusión e transmisión do coñecemento. Xa non era necesario a man dun copista para poder facer circular por toda Europa un tratado científico, un documento legal, unha biblia, un poema ou unha partitura. As copias poden facerse de xeito sinxelo e rápido e desaparecen os inevitables fallos humanos no proceso de copia. Dunha prancha orixinal poden saír miles de copias idénticas.



Un exemplo da utilidade deste novo invento son **os cancioneiros**. Neles se recollían as pezas musicais máis destacadas de cada país e, grazas ás viaxes e á imprenta, difúndense por toda Europa.



Os cancioneiros supuxeron o que hoxe en día podería ser un disco que reúne os éxitos do ano.

SER ARTISTA NO RENACEMENTO: OS MECENAS



Durante a Idade Media era unicamente a Igrexa a que patrocinaba ou mantiña aos artistas. Sen embargo, no Renacemento florece un **mecenado civil**. As familias aristócratas, os burgueses de fortuna e as institucións políticas e sociais (concellos, gremios, etc) patrocinan aos grandes artistas deste período. Isto dará lugar a un importante desenvolvemento das artes da man de grandes figuras como Leonardo da Vinci, Miguel Ángel,

Boticelli, etc...

A MÚSICA NO RENACEMENTO


- Durante o Renacemento, a música, entre as artes, é considerada a **irmá menor da LITERATURA**. A música vocal estará sempre ao servizo da literatura cunha función clara: adornar e embelecer a poesía.
- O Renacemento supón o triunfo definitivo da polifonía. Escríbense composicións para catro, cinco e ata oito voces. Isto esixe un perfeccionamento das técnicas de composición a varias voces.
- Desenvólvese para iso unha complexísima técnica de composición: as regras do **contrapunto**.
- E desenvólvese tamén a **escritura musical**, ampliando unha liña máis ao tetragrama, o **pentagrama**, e incorporando as indicacións de duración das figuras musicais, imprescindibles para a interpretación conxunta a varias voces.
- A mentalidade aberta do Renacemento dará lugar a unha música máis libre e expresiva e os seus temas moito máis próximos.
- A afección pola música medra, entre as persoas cultas considérase sinal de refinamento.



1. A MÚSICA VOCAL

1.1 MÚSICA VOCAL RELIXIOSA

Como consecuencia da división da igrexa en Católica e Protestante, cada igrexa terá a súa propia liturxia e tamén uns xéneros de música relixiosa diferentes.



1.1.1 CATÓLICA:

Desenvólvese unha polifonía de textura contrapuntística. A lingua latina segue a ser a lingua oficial da música católica e interprétase a capella ou, en ocasións, acompañada do órgano.

Os xéneros de música relixiosa católica son:

1. **A MISA:** Composición coral que consta de varias partes que coinciden coas oracións ordinarias da liturxia da misa. Consta de 5 partes fixas, ás que se poden engadir outras

en función do calendario litúrxico ou da cerimonia que se esta a desenvolver (funeral, voda, bautismo...). Esas partes fixas son:

- **Kyrie** ("Señor, ten piedade")
- **Gloria** ("Gloria a Deus nas alturas...")
- **Credo** ("Creo nun Deus todopoderoso...")
- **Sanctus** ("Santo, santo, santo é o Señor...")
- **Agnus Dei** ("Año de Deus, que quitas o pecado do mundo...")

2. **O MOTETE**: Composición coral breve, de texto relixioso, en latín, **non litúrxico**.

1.1.2 PROTESTANTE:

Caracterízase por empregar **sempre texturas homofónicas**. É prioritario que os oíntes poidan comprender o texto. Cántanse por tanto nas **linguas vernáculos** e moitas veces baséanse en melodías populares. O xénero máis importante da música vocal protestante é

- **O CORAL**: É o canto sacro da Igrexa protestante. A melodía é harmonizada de xeito sinxelo a catro voces. Ao estar baseada en melodías coñecidas, os fieis podían participar na liturxia.


1.2 MÚSICA VOCAL PROFANA

Os distintos tipos de cancións reflicten a curiosidade polo mundo e o interese polo ser humano. Os seus temas están sempre relacionados coas preocupacións e emocións humanas: o pracer do amor, a dor pola perda, a alegría da festa, a beleza da natureza, o compañeirismo, o amor pola patria, a guerra...

Moitas veces teñen un aire popular e de danza, son sinxelas e de textura homofónica (é o caso dos VILANCICOS e ROMANCES castelás).

Outras, en cambio, intentan expresar a través da música a mesma emoción do texto, cunha textura contrapuntística moi complexa e incorporando elementos descritivos a través das voces. (É o caso das CHANSÓN francesas e os MADRIGALS italianos).

Cada nación desenvolve os seus tipos de canción, na súa propia lingua e as innovacións, case sempre procedentes de Italia, esténdense por toda Europa grazas ás viaxes dos músicos e á circulación dos cancioneros.



2. A MÚSICA INSTRUMENTAL

Non se escribe música específica para grupos de instrumentos.

As pezas polifónicas podían ser interpretadas por:

- voces a cappella
- unha ou dúas voces e instrumentos
- un pequeno grupo de instrumentos

Os compositores non indican nas súas partituras para que instrumentos escriben. Son os intérpretes os que deciden cómo interpretan cada peza en función do espazo, o público ou os músicos cos que poidan contar.

A orquestra non existe como agrupación fixa de instrumentos. O criterio para facer grupos era a súa potencia polo que existían dous tipos de conxuntos instrumentais:

- A. Conxuntos de MÚSICA ALTA: Formados por instrumentos de son potente (vento e percusión), para tocar ao aire libre, en festas e procesións.
- B. Conxuntos de MÚSICA BAIXA: Formados por instrumentos de son máis suave e delicado (corda e vento madeira) para tocar en interiores.



OS INSTRUMENTOS DO RENACEMENTO:



OS GRANDES COMPOSITORES

A necesidade de contar cun bo compositor para as cerimoniais civís e relixiosas medra nesta época. Os bos postos de traballo concéntranse nas cortes e na igrexa. Os músicos formábanse cantando en coros eclesiásticos e, a partir de aí, ascendían lentamente. Unha vez contratados, recibían un salario. Era a súa obriga viaxar co seu señor nos seus desprazamentos e esta mobilidade contribuíría á difusión dos estilos e xéneros de música de cada país.

Os bos músicos estaban moi cotizados pois aportaban prestixio á corte ou á institución relixiosa á cal representaban, de xeito que se rivalizaba por conseguir os seus servizos coma hoxe en día poden rivalizar diferentes clubs de fútbol por unha estrela dese deporte.

Cómpre recordar unha vez máis que o oficio de músico, sexa compositor ou intérprete, era case exclusivamente **masculino**, pois non se consideraba unha profesión adecuada para unha muller.

Porén, a pesares dos atrancos, dificultades e, sobre todo, do descrédito social que podía ter unha muller que quixese dedicarse a este oficio, conservamos os nomes e as obras dun grupo importante de mulleres.

A continuación tedes os nomes dos creadores e creadoras máis destacados desta etapa musical, organizados por nacionalidades:

FRANCO-FLAMENCOS:

Guillaume Dufay (? 1397 – 1474)

Gilles Binchois (c. 1400 – 1460)

Johannes Ockeghem (Bélxica, 1410-1497)

Jacob Obrecht (Países Baixos, 1457-1505)

Josquin des Prez (1450-1521)

Heinrich Isaac (c. 1450 – 1517)

Pierre Passereau (fl. 1509 – 1547)

Adrian Willaert (c. 1490 – 1562). Activo en Italia. Fundador de la Escuela veneciana.

Orlando di Lasso (c. 1531 – 1594).

ITALIA:

Giovanni Pierluigi da Palestrina (c. 1525 - 1594)

Francesca Caccini (1587-1641), filla do compositor Giulio Caccini, compuxo danzas e foi coñecida como “a Monteverdi de Florencia”.

MADDALENA CASULANA (Casulae, Siena, ca. 1540-¿? ca. 1590)

"Desexaría mostrar ao mundo, por canto me foi concedido nesta profesión musical, o vano

erro dos homes, que créndose donos dos grandes dons do intelecto, pensan que estes non poden ser comúns ás mulleres"

VITTORIA COLONNA (Castel di Marino, Roma, ca. 1490 - Roma, febrero de 1547)

LUCRECIA TORNABUONI DE MEDICI (Florencia, 1425 - Florencia, marzo de 1482)

Luca Marenzio (c. 1553 - 1599)

Giovanni Gabrieli (1557 - 1612)

Carlo Gesualdo (1560 - 1613)

Jacopo Peri (1561 - 1633)

FRANCIA

Clément Janequin (c. 1485 - 1558)

Claudin de Sermisy (c. 1490 - 1562)

GRAN BRETAÑA

John Dunstable (1390 - 1453)

John Taverner (c. 1490 – 1545)

Thomas Tallis (c. 1505 – 1585)

William Byrd (1543 – 1623)

ANNA BOLENA (Kent, Inglaterra, 1507 - Londres, mayo de 1536)

John Dowland (1563 – 1626)

ESPAÑA

Juan del Encina (1468 – c. 1529)

Antonio de Cabezón (1510 – 1566)

Tomás Luis de Victoria (1548 – 1611)